

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Até o 20 de maio de 2006 poderanse comercializar os produtos alimenticios que cumpran as disposicións anteriores pero non se axusten ao disposto neste real decreto.

Non obstante, os produtos etiquetados antes do 20 de maio de 2006 e que non se axusten ao disposto neste real decreto poderanse comercializar até que se esgoten as súas existencias.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencias exclusivas en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente, e de conformidade co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 22 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

13113 *REAL DECRETO 944 /2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre. («BOE» 181, do 30-7-2005.)*

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 30 de decembro de 2004, anunciou un plan de impulso da televisión dixital terrestre (TDT), nunha clara aposta por superar a indefinición do sector audiovisual español e, en especial, por saír da situación de paralización que caracteriza desde hai tempo a prestación destes servizos. O mencionado plan incluía, entre outras medidas, a modificación do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

Este real decreto, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, vén dar cumprimento a este compromiso do Goberno de impulsar a implantación da TDT. En realidade, o real decreto, considerando o número e a fondura das modificacións que se introducen e dos importantes cambios que se produciron no sector da televisión en xeral e da televisión dixital terrestre en particular, non modifica simplemente o réxime xurídico anterior, senón que derroga totalmente a norma que o regula, isto é, o Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terreal.

Pola súa vez, o real decreto non se limita a aprobar o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, senón que contén, así mesmo, un conxunto de importantes medidas que se detallan ao longo das súas disposicións

adicionais, transitorias e derradeiras. En primeiro lugar, adiántase o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica ao 3 de abril de 2010, de forma que, a partir desa data, toda televisión terrestre que se preste será con tecnoloxía dixital.

E en segundo lugar, establécese un esquema de cambio da televisión analóxica á televisión dixital terrestre, que se traduce nun escenario de transición da tecnoloxía analóxica á tecnoloxía dixital e nun escenario após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.

No escenario de transición da televisión analóxica á televisión dixital terrestre, lévase a cabo a asignación de maior capacidade de transmisión na prestación de servizos de TDT para que, garantindo unha maior oferta televisiva, se difunda unha programación nova, innovadora e diferenciada. Con isto, darase un impulso decisivo ao desenvolvemento e implantación da televisión dixital terrestre no noso país.

Pola súa parte, no escenario após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, no momento da cal existirá unha maior dispoñibilidade de uso do dominio público radioeléctrico e, por tanto, dun maior número de múltiples dixitais dispoñibles, prevese, así mesmo, a asignación de capacidade adicional de transmisión na prestación de servizos de televisión dixital terrestre.

Con estas medidas establécense os mecanismos imprescindibles e necesarios que van posibilitar unha adecuada transición da televisión analóxica á televisión dixital terrestre, aproveitando as melloras técnicas que pola súa propia natureza ten a televisión dixital terrestre en termos de maior calidade, interactividade, desenvolvemento de novos servizos e uso máis eficiente do dominio público radioeléctrico. Tamén se posibilita incrementar a oferta televisiva e o pluralismo, reforzando a liberdade de escolla dos cidadáns no seu acceso aos servizos de televisión, e se consolida un mercado de televisión máis plural e competitivo.

Así mesmo, modifícase o Plan técnico nacional da televisión dixital local, aprobado polo Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, e modificado polo Real decreto 2268/2004, do 3 de decembro, para dar cumprimento ao previsto no artigo 3.2 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, na redacción dada a ese texto na Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, reservando canles múltiples adicionais para as organizacións territoriais insulares das comunidades autónomas de Canarias e Illes Balears.

Por último, a aprobación deste real decreto dá cumprimento ao mandado contido no número 2 da disposición derradeira primeira da Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, no cal se establece que o Goberno adoptará as medidas oportunas para garantir a transición da televisión analóxica á televisión dixital terrestre e adoptará as disposicións necesarias que resulten necesarias para isto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2005,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.*

Apróbase o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, que se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.*

1. As emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica de cobertura estatal ou autonómica cesarán antes do 3 de abril de 2010.

2. As entidades que prestan o servizo de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica de cobertura estatal ou autonómica deberán realizar de maneira progresiva o cesamento de emisións en analóxico por áreas técnicas, de acordo co plan que para tal efecto acorde a Administración xeral do Estado co sector.

Disposición adicional segunda. *Escenario de transición da tecnoloxía analóxica á tecnoloxía dixital.*

1. Cada unha das sociedades concesionarias, consonte a Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, do servizo público de televisión con tecnoloxía analóxica de ámbito estatal existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto accederá a unha canle dixital dentro dun múltiple dixital de cobertura estatal, para permitir que emita simultaneamente con tecnoloxía analóxica e con tecnoloxía dixital. Este múltiple dixital non terá capacidade para efectuar desconexións territoriais e corresponderase cun dos indicados no artigo 2.1.a) do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

Na prestación do servizo de televisión mediante a canle dixital de cobertura estatal a que se refire o parágrafo anterior, as sociedades concesionarias existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto deberán axustar ás mesmas condicións que se establecen nos contratos concesionais que as afectan, emitindo, en consecuencia, en aberto ou mediante acceso condicional, segundo as condicións a cuxo cumprimento se obrigasen nos referidos contratos.

As canles dixitais que non se asignen para seren utilizadas polas sociedades concesionarias após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica deixarán de estar dispoñibles para estas no prazo de seis meses contado desde o momento en que se produza o citado cesamento.

2. Resérvase, para a súa explotación en réxime de xestión directa, ao Ente Público Radiotelevisión Española, un múltiple dixital de cobertura estatal con capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito autonómico. Este múltiple dixital corresponderase co indicado no artigo 2.1.b) do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

Neste múltiple dixital de cobertura estatal, o Ente Público Radiotelevisión Española deberá simultanear as súas emisións con tecnoloxía analóxica e con tecnoloxía dixital.

Así mesmo, resérvase para a súa explotación en réxime de xestión directa, ao Ente Público Radiotelevisión Española, unha canle dixital de cobertura estatal sen capacidade para efectuar desconexións territoriais, que formará parte dun dos múltiples indicados no artigo 2.1.a) do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre. A xestión completa deste múltiple corresponderalle ao Ente Público Radiotelevisión Española.

Esta canle dixital adicional deixará de estar dispoñible para o Ente Público Radiotelevisión Española no prazo de seis meses contado desde o momento en que se produza o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.

3. As restantes canles dixitais de cobertura estatal integradas nos múltiples dixitais indicados no artigo 2.1.a) do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre que non fosen outorgadas con anterioridade e as non reservadas consonte os números precedentes resérvanse para o impulso e o desenvolvemento da televisión dixital terres-

tre a que se refire a disposición transitoria cuarta e para a súa adxudicación polo Consello de Ministros mediante concurso público.

O Consello de Ministros convocará concurso para a adxudicación de, polo menos, dúas canles dixitais e tamén aprobará o oportuno prego de bases por que se deberá rexer.

As canles dixitais que non se asignen para seren utilizadas polas distintas sociedades concesionarias do servizo público de televisión de ámbito estatal após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, deixarán de estar dispoñibles para estas no prazo de seis meses contado desde o momento en que se produza o citado cesamento.

4. Cada unha das comunidades autónomas disporá dun múltiple dixital de cobertura autonómica con capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito provincial. Este múltiple corresponderase co indicado no artigo 2.2 do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre. Neste múltiple dixital, as entidades públicas creadas segundo o teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, deberán simultanear as súas emisións con tecnoloxía analóxica e con tecnoloxía dixital.

Os órganos competentes de cada comunidade autónoma decidirán, de entre as demais canles do múltiple dixital que se lle reserva conforme o número anterior, aquelas que serán explotadas pola entidade pública creada segundo o teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, e as que serán explotadas por empresas privadas en réxime de xestión indirecta, mediante concesión outorgada por concurso público.

No suposto de que os órganos competentes da comunidade autónoma decidan que algunha ou algunhas das canles dixitais de cobertura autonómica sexan explotadas pola entidade pública creada segundo o teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, aqueles deberán solicitar ao Goberno a asignación desas canles.

5. Para o efecto de simultanear as emisións con tecnoloxía analóxica e con tecnoloxía dixital nos supostos previstos nos números anteriores, os horarios de emisión deberán ser coincidentes e simultáneos.

6. Sempre que as dispoñibilidades do espectro radioelétrico o permitan, anticiparase no posible a planificación para o segundo múltiple dixital de ámbito autonómico a que se refire o número 3 da disposición adicional terceira e, por solicitude das comunidades autónomas, realizarase a planificación que permita que os múltiples dixitais de cobertura autonómica poidan realizar desconexións de ámbito insular, comarcal ou de entidades territoriais legalmente recoñecidas.

7. Así mesmo, na medida en que as dispoñibilidades do espectro radioelétrico o permitan, planificarase un múltiple dixital con posibilidade de desconexión territorial de ámbito autonómico para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre en mobilidade de acordo coa norma técnica EN 302 304.8.

8. Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, os múltiples dixitais de cobertura autonómica cuxa explotación íntegra lle fose outorgada a unha empresa privada polos órganos competentes das comunidades autónomas con anterioridade no momento da entrada en vigor do presente real decreto, non se entenderán incluídos dentro dos múltiples dixitais mencionados nos puntos 4 e 6.

Disposición adicional terceira. *Escenario após cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.*

1. Por acordo do Consello de Ministros, cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de tele-

visión de ámbito estatal existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto accederá, logo de solicitude e após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, a un múltiple dixital de cobertura estatal, sempre que se acredite o cumprimento das condicións establecidas na explotación de canles dixitais adicionais de acordo co indicado na disposición transitoria cuarta para o impulso e desenvolvemento da televisión dixital terrestre.

Así mesmo, por Acordo do Consello de Ministros, a sociedade que resulte adxudicataria do concurso público a que se refire o parágrafo segundo do número 3 da disposición adicional segunda, accederá, logo de solicitude e após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, a un múltiple dixital de cobertura estatal, sempre que se dean as condicións de competencia no mercado e o concesionario acredite o cumprimento das súas obrigas en materia de impulso e desenvolvemento da televisión dixital terrestre.

As sociedades concesionarias do servizo público de televisión de ámbito estatal que accedan ao múltiple dixital a que se refiren os parágrafos anteriores non terán dereito a efectuar desconexións territoriais.

O múltiple dixital a que, se é o caso, accedan as sociedades concesionarias do servizo público de televisión de ámbito estatal con tecnoloxía analóxica existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto utilizará canles radioelétricas que garantan o uso eficiente do espectro radioelétrico e reduzan no posible o impacto sobre os usuarios.

2. Resérvanse ao Ente Público Radiotelevisión Española, após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, dous múltiples dixitais de cobertura estatal para a súa explotación en réxime de xestión directa.

Un destes múltiples dixitais será o múltiple con capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito autonómico a que se refire o número 2 da disposición adicional segunda.

O Ente Público Radiotelevisión Española non terá dereito a efectuar desconexións territoriais sobre o outro múltiple dixital e este utilizará canles radioelétricas que garantan o uso eficiente do espectro radioelétrico e reduzan no posible o impacto sobre os usuarios.

As restantes canles analóxicas que o Ente Público Radiotelevisión Española utilizou até o momento en que se produza o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica deixarán de estar dispoñibles para o citado ente a partir dese momento.

3. Cada unha das comunidades autónomas disporá, após o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, de dous múltiples dixitais de cobertura autonómica.

Un destes múltiples dixitais será o múltiple con capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito provincial a que se refire o número 4 da disposición adicional segunda.

No outro múltiple dixital utilizaranse canles radioelétricas que garantan o uso eficiente do espectro radioelétrico e reduzan no posible o impacto sobre os usuarios. A capacidade de efectuar desconexións deste múltiple estará supeditada á dispoñibilidade do espectro radioelétrico.

As demais canles analóxicas que se viñesen utilizando en cada unha das comunidades autónomas até o momento en que se produza o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica deixarán de estar dispoñibles para as comunidades autónomas a partir dese momento.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, os múltiples dixitais de cobertura autonómica cuxa explotación íntegra fose outorgada a unha empresa privada polos órganos competentes das comunidades autó-

nomas con anterioridade no momento da entrada en vigor deste real decreto non se entenderán incluídos dentro dos dous múltiples dixitais mencionados nos parágrafos anteriores.

Por solicitude das comunidades autónomas e sempre que as dispoñibilidades do espectro radioelétrico o permitan, realizarase a planificación correspondente para que os múltiples dixitais de cobertura autonómica poidan realizar desconexións de ámbito insular, comarcal ou de entidades territoriais legalmente recoñecidas.

Os órganos competentes de cada comunidade autónoma decidirán, dentro dos múltiples dixitais que se lle reservan, as canles dixitais de ámbito autonómico que serán explotadas pola entidade pública creada segundo o teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, e as que serán explotadas por empresas privadas en réxime de xestión indirecta, mediante concesión outorgada por concurso público.

No suposto de que os órganos competentes da comunidade autónoma decidan que algunha ou algunhas das canles dixitais de ámbito autonómico sexan explotadas pola entidade pública creada segundo o teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, aqueles deberán lle solicitar ao Goberno a asignación desas canles.

Disposición adicional cuarta. Asignación concreta das canles dixitais e dos múltiples dixitais.

A asignación concreta e determinada das canles dixitais e dos múltiples dixitais reservados nas disposicións anteriores será levada a cabo pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional quinta. Número de canles en cada múltiple dixital.

1. Para os efectos deste real decreto, cada múltiple dixital de cobertura estatal ou autonómica integrará, inicialmente, ao menos catro canles dixitais susceptibles de seren explotadas as 24 horas do día.

2. Se a unha entidade lle foi asignada a explotación íntegra dun múltiple dixital de ámbito estatal ou autonómico, poderá emitir o número de canles que tecnicamente sexan viables, nas condicións que fixe o Goberno, e sempre que se garanta o mantemento da calidade do servizo. Así mesmo, poderá utilizalo para a emisión de canles de televisión de alta definición, de acordo coas condicións que regulamentariamente fixe o Goberno.

3. No suposto de que a explotación dun múltiple dixital de cobertura estatal ou autonómica non corresponda íntegramente a unha entidade, senón que sexa compartida entre varias, os órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderán, en función do desenvolvemento tecnolóxico futuro e de acordo coas condicións que regulamentariamente fixe o Goberno, establecer un número maior de canles por múltiple, así como acordar coas entidades que o exploten a emisión de canles de televisión de alta definición.

4. A capacidade de transmisión do múltiple dixital poderase utilizar para prestar servizos adicionais distintos do de difusión de televisión, como os de transmisión de ficheiros de datos e aplicacións, actualizacións de software para equipamentos, entre outros, ben que, en ningún caso, se poderá utilizar máis do 20 por cento desa capacidade de transmisión do múltiple dixital para a prestación deses servizos. Non obstante, en función do desenvolvemento dos servizos interactivos e dos asociados á televisión dixital terrestre, o Goberno poderá decidir a modificación desa porcentaxe.

Disposición adicional sexta. *Xestión do múltiple dixital.*

As entidades que accedan á explotación de canles dentro dun mesmo múltiple dixital, sen prexuízo do dereito exclusivo á súa explotación, deberanse asociar entre si para a mellor xestión de todo o que afecte o múltiple dixital no seu conxunto ou establecer as regras para esa finalidade.

Os conflitos que xurdan entre as entidades pola xestión do múltiple dixital serán resolto pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Disposición adicional sétima. *Características dos equipamentos terminais de televisión dixital terrestre.*

Os equipamentos terminais de televisión dixital terrestre deberán dispor de interfaces abertas, compatibles e que permitan a interoperabilidade.

Disposición adicional oitava. *Actualización do software dos equipamentos terminais de televisión dixital terrestre.*

1. O Ente Público Radiotelevisión Española e as entidades públicas creadas segundo o teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, deberán proporcionar, no seu ámbito territorial de cobertura, a capacidade necesaria para a actualización do software dos equipamentos terminais de televisión dixital terrestre.

2. Para tal efecto, o Ente Público Radiotelevisión Española e as entidades públicas creadas segundo o teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, celebrarán os oportunos acordos cos fabricantes dos equipamentos terminais ou outras empresas nos cales se regule a actualización do software dos equipamentos terminais de televisión dixital terrestre, incluíndo as contraprestacións económicas que se establezan. Estes acordos deberán celebrarse en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias.

Disposición adicional novena. *Parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre.*

Mediante orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, crearase e regularase o Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre, cuxa xestión e asignación de parámetros lle corresponderá á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Disposición adicional décima. *Aprobación dos proxectos técnicos.*

1. As solicitudes de aprobación dos proxectos técnicos das instalacións necesarias para a adecuada prestación do servizo de televisión, que deberán cumprir as características técnicas establecidas no Plan técnico da televisión dixital terrestre, presentaranse ante a Axencia Estatal de Radiocomunicacións con carácter previo ao comezo da prestación do servizo. O prazo para examinar os proxectos técnicos e notificar a resolución será de tres meses.

2. De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, transcorrido o prazo sinalado no número anterior sen que se notificase a resolución expresa, os interesados estarán lexitimados para entender desestimada a súa solicitude.

3. Cando as características técnicas das instalacións deban ser modificadas por compatibilidade radioelétrica, por uso eficiente do espectro radioelétrico ou por coordinación radioelétrica internacional, tramitarase o

correspondente procedemento administrativo de acordo co previsto no artigo 21 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioelétrico, na redacción dada a este artigo pola disposición derradeira primeira do Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios.

Disposición adicional décimo primeira. *Inspección técnica das instalacións.*

1. Finalizadas as instalacións e con carácter previo ao comezo da prestación do servizo, solicitarase a inspección técnica das instalacións perante a Axencia Estatal de Radiocomunicacións. O prazo para verificar que as instalacións se axustan ao proxecto técnico aprobado será de tres meses.

2. De acordo co establecido no artigo 45.4 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, as instalacións non poderán ser postas en servizo mentres non se resolva favorablemente sobre a verificación. Non obstante, no momento en que se comunique a finalización das instalacións e se demande a súa inspección técnica, poderase solicitar a autorización para realizar emisións temporais en probas e, en tal caso, soamente se poderán efectuar nas condicións que se establezan.

3. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá, en calquera momento, inspeccionar as instalacións. A entidade responsable das instalacións estará obrigada a subministrar canta información lle sexa requirida de conformidade co artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. Así mesmo, a entidade responsable das instalacións estará obrigada a cumprir as instrucións que deriven da inspección para adaptarse ás características técnicas autorizadas ou para resolver as situacións de interferencias prexudiciais.

Disposición adicional décimo segunda. *Iniciativa local na extensión da cobertura.*

Os órganos competentes das corporacións locais en colaboración, se é o caso, coa comunidade autónoma, poderán acordar a instalación en zonas de baixa densidade de poboación do seu termo municipal de estacións en rede de frecuencia única para a difusión aos seus cidadáns do servizo de televisión dixital terrestre, sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Obter a conformidade das sociedades concesionarias e entidades habilitadas para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre, co obxectivo de utilizar o dominio público radioelétrico que estas teñen asignado para difundir o servizo de televisión dixital terrestre no seu termo municipal.

b) Prestar o servizo portador do servizo de televisión dixital terrestre sen contraprestación económica ningunha e de forma transitoria.

c) Comunicalo previamente á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

d) Que non supoña unha distorsión á competencia no mercado. Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións detecte que a prestación do servizo portador do servizo de televisión dixital terrestre afecta o mercado, en función da existencia nese ámbito territorial de condicións de mercado que permitan o acceso a tales servizos ou da distorsión da libre competencia, poderá impor condicións específicas na prestación do servizo.

e) Que sexa conforme co Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre. A potencia radiada aparente máxima non poderá ser superior a un watt e non poderán

causar interferencias prexudiciais a outras estacións legalmente establecidas.

f) Presentar na correspondente xefatura provincial de Inspección de Telecomunicacións, a través da comunidade autónoma correspondente, o proxecto técnico das instalacións e, posteriormente, un certificado de que a instalación se axusta ao proxecto técnico, asinados ambos por un enxeñeiro ou enxeñeiro técnico de telecomunicacións e visados polo colexio oficial correspondente. Así mesmo, deberase presentar o boletín de instalación asinado pola empresa instaladora de telecomunicacións que realizou a instalación.

Disposición adicional décimo terceira. *Modificacións dos títulos habilitantes outorgados para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre.*

As modificacións nos títulos habilitantes outorgados para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre que deriven da aplicación deste real decreto serán acordadas, en cada momento, polos órganos competentes para o seu outorgamento.

Disposición adicional décimo cuarta. *Condicións especiais de emisión.*

En función da evolución do mercado, das posibilidades tecnolóxicas e do desenvolvemento da televisión dixital terrestre, o Goberno poderá decidir o establecemento de condicións especiais de emisión en liña coas prácticas dos principais países europeos, non previstas nos actuais contratos concesionais.

Disposición adicional décimo quinta. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto e do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre que aproba, os termos definidos no apéndice terán o significado que alí se lles asigna.

Disposición transitoria primeira. *Canle dixital das sociedades concesionarias con tecnoloxía analóxica existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto.*

A canle dixital a que accederon as sociedades concesionarias do servizo público de televisión con tecnoloxía analóxica de ámbito estatal existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto mediante o Acordo do Consello de Ministros, do 10 de marzo de 2000, sobre renovación das súas concesións, é o mesmo a que se refire o número 1 da disposición adicional segunda, sen prexuízo das modificacións técnicas introducidas por este real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Múltiple dixital reservado ao Ente Público Radiotelevisión Española.*

As canles dixitais a que accedeu o Ente Público Radiotelevisión Española en virtude do establecido no número 2 da disposición adicional primeira do Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, intégranse dentro do múltiple dixital a que se refire o parágrafo primeiro do número 2 da disposición adicional segunda deste real decreto, sen prexuízo das modificacións técnicas introducidas por este.

Disposición transitoria terceira. *Múltiple dixital reservado ás comunidades autónomas.*

O múltiple dixital a que se refiren os números 3 e 6 da disposición adicional primeira do Real decreto 2169/1998,

do 9 de outubro, é o mesmo a que se refire o número 4 da disposición adicional segunda deste real decreto, sen prexuízo das modificacións técnicas introducidas por este.

Disposición transitoria cuarta. *Impulso e desenvolvemento da televisión dixital terrestre.*

O Goberno ampliará ás sociedades concesionarias do servizo público de televisión de ámbito estatal existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto, se o solicitan no prazo de sete días desde a súa entrada en vigor, o contido da concesión obtida conforme o previsto na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, permitiéndolles explotar, até o momento en que se produza o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, canles dixitais adicionais a que se refire o número 3 da disposición adicional segunda deste real decreto, de acordo coas condicións indicadas a seguir.

Ademais, a sociedade concesionaria deberá presentar antes do día 1 de outubro de 2005 un plan detallado de actuación en que se asuman os seguintes compromisos:

a) Para o acceso a unha canle dixital adicional:

1.º Iniciar as emisións da programación desa canle antes do 30 de novembro de 2005.

2.º Subministrar a información necesaria para a elaboración e implantación da guía electrónica de programación.

3.º Participar financeiramente na constitución e funcionamento dunha entidade dedicada á promoción da televisión dixital terrestre e ao desenvolvemento do proceso de transición a esta.

4.º Ampliar, ao menos nun un por cento, a cobertura de poboación prevista no Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre para o múltiple que obtívese, se é o caso, de acordo co previsto no número 1 da disposición adicional terceira.

b) Para o acceso a unha segunda canle dixital adicional, ademais da asunción dos compromisos a que se refire a alínea a):

1.º Emisión de programación nova, innovadora e diferenciada respecto á oferta en analóxico:

Descrición da programación que difunda a canle.

Duración da emisión e franxa horaria.

Número de horas de programación orixinal.

Emisións en 16:9.

Servizos de subtitulación e dobraxe para accesibilidade.

Opción para o usuario de escolla do idioma orixinal en producións estranxeiras de ficción, documentais e animación, entre outras.

2.º Desenvolver en todas as súas canles de televisión un plan de comunicación para a promoción, en horario de máxima audiencia, da televisión dixital terrestre, consistente na emisión, como mínimo, dun anuncio ao día durante un mes por trimestre.

3.º Introducir no primeiro ano de emisión aplicacións e servizos interactivos.

4.º Realizar o cesamento progresivo das emisións en analóxico de acordo co plan que para o efecto acorde a Administración xeral do Estado co sector ou presentar unha programación co 30 por cento do tempo de emisión dedicado a programas gravados de ficción, animación ou documentais, en ao menos dúas bandas sonoras independentes, con versións dobradas deses programas en dúas das linguas oficiais de España.

O Goberno poderá desestimar a solicitude se do contido do plan aprecia un grao insuficiente de asunción dos compromisos indicados anteriormente pola sociedade concesionaria.

Disposición transitoria quinta. *Cambio das canles de emisión da televisión analóxica.*

As estacións de televisión analóxica que dispoñan de asignación de frecuencias na banda 470 a 830 MHz que se encontren en funcionamento e deban cambiar a súa canle de emisión, como consecuencia da planificación de canles radioelétricas da televisión dixital terrestre, poderán seguir emitindo noutra canle da mesma banda de frecuencias, logo de autorización administrativa.

Disposición transitoria sexta. *Modificacións nos títulos habilitantes outorgados para o uso do dominio público radioelétrico.*

A Axencia Estatal de Radiocomunicacións efectuará de oficio as oportunas modificacións que derivan da aplicación deste real decreto nos títulos habilitantes outorgados para o uso do dominio público radioelétrico, e procederá á súa anotación no Rexistro nacional de frecuencias.

Disposición transitoria sétima. *Exercicio de funcións até a constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

As competencias e funcións administrativas que se lle atribúen neste real decreto á Axencia Estatal de Radiocomunicacións serán exercidas polos órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio até a efectiva constitución dela, momento en que, de conformidade co disposto no artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, pasará a corresponder o seu exercicio ao dito organismo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terreal, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Plan técnico nacional de televisión dixital local.*

Modifícase o artigo 8 do Plan técnico nacional da televisión dixital local, aprobado polo Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, coa introdución dos novos múltiples dixitais que a seguir se indican para as organizacións territoriais insulares das comunidades autónomas das Illes Balears e de Canarias:

Un.-Inclúense novos múltiples dixitais adicionais para organizacións territoriais insulares da Comunidade Autónoma das Illes Balears:

«Mallorca:

Múltiple dixital: 37.
Potencia radiada aparente máxima: 3 KW.
Menorca:

Múltiple dixital: 53.
Potencia radiada aparente máxima: 500 W.
Eivissa-Formentera:

Múltiple dixital: 47.
Potencia radiada aparente máxima: 500 W.»

Dous.-Inclúense novos múltiples dixitais adicionais para organizacións territoriais insulares da Comunidade Autónoma de Canarias:

«Gran Canaria:

Múltiple dixital: pendente.

Tenerife:

Múltiple dixital: pendente.
La Palma:

Múltiple dixital: 33.
Potencia radiada aparente máxima: 100 W.
La Gomera:

Múltiple dixital: 62.
Potencia radiada aparente máxima: 100 W.
Lanzarote:

Múltiple dixital: 28.
Potencia radiada aparente máxima: 500 W.
Fuerteventura:

Múltiple dixital: 43.
Potencia radiada aparente máxima: 500 W.
El Hierro:

Múltiple dixital: 32.
Potencia radiada aparente máxima: 100 W.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

O ministro de Industria, Turismo e Comercio ditará, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Autorización para resolver sobre axustes e adaptacións técnicas.*

1. Autorízase os órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para resolver sobre os axustes ou adaptacións técnicas necesarias tendo en conta os resultados da coordinación internacional e para resolver os problemas de incompatibilidade radioelétrica que deriven da posta en servizo das estacións emisoras.

2. De acordo co establecido no artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, esta autorización entenderase conferida á Axencia Estatal de Radiocomunicacións cando se produza a efectiva constitución deste organismo.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de agosto de 2005.

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

PLAN TÉCNICO NACIONAL DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE

Artigo 1. *Bandas de frecuencias.*

1. O servizo de televisión dixital terrestre explotarase nas seguintes bandas de frecuencias:

- 470 a 758 MHz (canles 21 a 56).
- 758 a 830 MHz (canles 57 a 65).
- 830 a 862 MHz (canles 66 a 69).

2. Os múltiples dixitais da banda de frecuencias 830 a 862 MHz destínanse ao establecemento de redes de frecuencia única de ámbito estatal.

3. Os múltiples dixitais da banda de frecuencias 758 a 830 MHz destínanse, principalmente, ao establecemento

de redes de frecuencia única de ámbito territorial autonómico e provincial.

4. Os múltiples dixitais da banda de frecuencias 470 a 758 MHz destínanse ao establecemento de redes de televisión dixital.

Artigo 2. *Obxectivos de cobertura.*

1. Co obxectivo de alcanzar a maior cobertura estatal, mediante estacións de televisión dixital terrestre, explótaranse:

a) Cada unha das canles radioelétricas 66, 67, 68 e 69, formando catro múltiples dixitais en redes de frecuencia única.

b) As canles radioelétricas 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64 e 65, coas cales se formará un múltiple dixital estatal con posibilidade de efectuar desconexións territoriais de ámbito autonómico, conforme o establecido no anexo I deste plan técnico.

2. Co obxectivo de alcanzar a maior cobertura autonómica, mediante estacións de televisión dixital terrestre, explótaranse preferentemente as canles radioelétricas 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64 e 65, coas cales se formarán redes de cobertura territorial autonómica con posibilidade de efectuar desconexións territoriais, conforme o establecido no anexo II deste plan técnico.

3. A determinación das frecuencias utilizadas para os distintos múltiples dixitais, no non previsto nos anexos I e II, levaraa a cabo a Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

Artigo 3. *Especificacións técnicas dos transmisores.*

As especificacións técnicas dos transmisores das estacións de televisión dixital terrestre serán conformes co modo 8k da norma europea de telecomunicacións EN 300 744.

Artigo 4. *Características técnicas das estacións.*

As características técnicas das estacións de televisión dixital terrestre en cada localización serán as establecidas pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

Artigo 5. *Coordinación internacional.*

As características técnicas das estacións de televisión dixital terrestre estarán suxeitas ás modificacións que puideren derivar da aplicación dos procedementos de coordinación internacional previstos no Acordo de Estocolmo, do 23 de xuño de 1961, no Acordo de Xenebra, do 8 de decembro de 1989, e no Acordo de Chester, do 25 de xullo de 1997, así como en calquera outro acordo internacional que puider vincular o Estado español no marco da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT) ou da Conferencia Europea de Administracións de Correos e Telecomunicacións (CEPT).

Artigo 6. *Fases de cobertura.*

A cobertura a alcanzar polo servizo de televisión dixital terrestre realizarase nas seguintes fases:

a) O Ente Público Radiotelevisión Española e as entidades públicas creadas segundo o teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, deberán alcanzar no seu ámbito territorial, ao menos, unha cobertura do:

1.º 80 por cento da poboación antes do 31 de decembro de 2005.

2.º 90 por cento da poboación antes do 31 de decembro de 2008.

3.º 98 por cento da poboación antes do 3 de abril de 2010.

b) No suposto de os órganos competentes da comunidade autónoma decidiren, despois da entrada en vigor do real decreto que aproba este plan, que algunha ou algunhas das canles dentro dos múltiples dixitais de cobertura autonómica dispoñibles no ámbito territorial desa comunidade sexan explotados pola entidade pública que se cree ou estea creada segundo o teor do establecido na Lei 46/1983, do 26 de decembro, a cobertura que vaian alcanzar as citadas entidades e para esas canles virá establecida no instrumento de asignación polo Goberno das canles mencionadas.

c) As sociedades concesionarias do servizo público de televisión de ámbito estatal existentes no momento da entrada en vigor do real decreto que aproba este plan deberán alcanzar no seu ámbito territorial, ao menos, unha cobertura do:

1.º 80 por cento da poboación antes do 31 de decembro de 2005.

2.º 90 por cento da poboación antes do 31 de decembro de 2008.

3.º 95 por cento da poboación antes do 3 de abril de 2010.

d) A cobertura, estatal ou autonómica en función do seu ámbito territorial, que vaian alcanzar as sociedades ás cales se lles adxudique a concesión unha vez aprobado este real decreto, virá establecida no correspondente prego regulador de cada concurso.

ANEXO I

Canles que se destinan ao establecemento dunha rede global de cobertura estatal con capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito autonómico

Comunidades autónomas:

Andalucía: Canle 57.

Aragón: Canle 61.

Asturias (Principado de): Canle 64.

Balears (Illes): Canle 63.

Canarias: Canle 60.

Cantabria: Canle 58.

Castilla-La Mancha: Canle 59.

Castilla y León (Comunidade de): Canle 57.

Cataluña: Canle 64.

Comunidad Valenciana: Canle 58.

Extremadura: Canle 63.

Galicia: Canle 63.

Madrid (Comunidad de): Canle 58.

Murcia (Región de): Canle 61.

Navarra (Comunidad Foral de): Canle 59.

País Vasco: Canle 63.

Rioja (La): Canle 64.

Cidades:

Ceuta: Canle 65.

Melilla: Canle 64.

ANEXO II

Canles que se destinan ao establecemento de redes de cobertura territorial autonómica con capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito provincial

Comunidade Autónoma de Andalucía:

Almería: Canle 59.

Cádiz: Canle 59.

Córdoba: Canle 60.

Granada: Canle 58.
Huelva: Canle 58.
Jaén: Canle 62.
Málaga: Canle 63.
Sevilla: Canle 61.

Comunidade Autónoma de Aragón:

Huesca: Canle 57.
Teruel: Canle 62.
Zaragoza: Canle 63.
Principado de Asturias:
Asturias: Canle 60.

Comunidade Autónoma das Illes Balears:

Balears (Illes): Canle 65.

Comunidade de Castilla y León:

Ávila: Canle 64.
Burgos: Canle 65.
León: Canle 65.
Palencia: Canle 62.
Salamanca: Canle 65.
Segovia: Canle 60.
Soria: Canle 58.
Valladolid: Canle 58.
Zamora: Canle 59.

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha:

Albacete: Canle 63.
Ciudad Real: Canle 65.
Cuenca: Canle 64.
Guadalajara: Canle 65.
Toledo: Canle 60.

Comunidade Autónoma de Cantabria:

Cantabria: Canle 59.
Comunidade Autónoma de Cataluña:
Barcelona: Canle 61.
Girona: Canle 60.
Lleida: Canle 58.
Tarragona: Canle 59.

Comunidade Autónoma de Canarias:

Palmas (Las): Canle 65.
Santa Cruz de Tenerife: Canle 59.

Comunidade Autónoma de Extremadura:

Badajoz: Canle 62.
Cáceres: Canle 61.

Comunidade Autónoma de Galicia:

Coruña (A): Canle 61.
Lugo: Canle 59.
Ourense: Canle 62.
Pontevedra: Canle 58.

Comunidade Autónoma de La Rioja:

Rioja (La): Canle 60.

Comunidad de Madrid:

Madrid: Canle 63.

Comunidade Autónoma de La Región de Murcia:

Murcia: Canle 60.

Comunidad Foral de Navarra:

Navarra: Canle 62.

Comunidade Autónoma do País Vasco:

Araba: Canle 58.
Gipuzkoa: Canle 60.
Bizkaia: Canle 61.

Comunidad Valenciana:

Alicante/Alacant: Canle 62.
Castellón/Castelló: Canle 60.
Valencia/València: Canle 57.

Cidades:

Ceuta: Canle 62.
Melilla: Canle 61.

APÉNDICE

Definicións

1. Canle radioelétrica: porción do espectro radioelétrico que se utiliza para a difusión desde unha estación radioelétrica dun sinal de televisión. Adóitase chamar tamén frecuencia radioelétrica.

2. Rede de frecuencia única: conxunto de estacións radioelétricas que permite cubrir unha certa zona do territorio, chamada zona de servizo, utilizando a mesma frecuencia ou canle radioelétrica en todas as estacións.

3. Rede multifrecuencia: conxunto de estacións radioelétricas que permite cubrir unha certa zona do territorio, chamada zona de servizo, utilizando unha frecuencia ou canle radioelétrica distinta en cada estación.

4. Múltiple dixital: sinal composto para transmitir unha canle ou frecuencia radioelétrica e que, ao utilizar a tecnoloxía dixital, permite a incorporación dos sinais correspondentes a varias canles de televisión e dos sinais correspondentes a varios servizos asociados e a servizos de comunicacións electrónicas.

5. Canle dixital de televisión: parte da capacidade dun múltiple dixital que se utiliza para a incorporación nel dun programa de televisión.

6. Canle analóxica de televisión: capacidade de transmisión que se utiliza para a difusión dun programa de televisión con tecnoloxía analóxica.

7. Programa de televisión: organización secuencial no tempo de contidos audiovisuais, posta ao dispor do público de forma independente, baixo a responsabilidade dunha mesma persoa e dotada de identidade e imaxe propias.

8. Área técnica: zona do territorio cuberta desde o punto de vista radioelétrico polo centro principal de difusión, os centros secundarios que tomen sinal primario dese centro e os centros de menor entidade que non tomen sinal primario do centro principal pero teñan cobertura superposta con el ou con algún dos seus centros secundarios.

13114 *REAL DECRETO 945/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de prestación do servizo de televisión dixital terrestre.* («BOE» 181, do 30-7-2005.)

O réxime xurídico para a prestación do servizo de televisión terreal con tecnoloxía dixital, ao constituír unha modalidade de prestación do servizo e non dun novo sistema de televisión, é o establecido, con carácter xeral, nas leis reguladoras do servizo de difusión de televisión, isto é, a Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do estatuto da Radio e a Televisión, e a Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora do terceira canle de televisión, no relativo á xestión directa do servizo de televisión; no que afecta a xestión indirecta do servizo de televisión por entidades privadas, a Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, e, no referido aos contidos, a Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, e as súas sucesivas modificacións. Finalmente, tamén será de aplicación o disposto na